-En consecuencia, as edificacións e outras construcións situadas nas marxes das estradas estatais non se situarán máis próximas a estas que a liña límite de edificación sinalada nos planos de ordenación.

-Non se admitirán voos sobre as aliñacións de edificación que dan fronte ás estradas estatais.

-Ademais, será requisito para o outorgamento da correspondente licenza municipal para a execución de todo tipo de edificacións e outras construcións nas zonas de protección das estradas estatais, a obtención previa da autorización do Ministerio de Fomento.

-A posición dos peches de parcelas nas marxes das estradas de titularidade estatal rexeráse, segundo a súa tipoloxía, pola lexislación e normativa sectorial aplicable en materia de estradas estatais.

-Deste xeito, será requisito para o outorgamento da correspondente licenza municipal para a execución de peches nas zonas de protección das estradas estatais, a obtención previa da autorización do Ministerio de Fomento, no caso de actuacións que afecten á zona de dominio público ou á zona de servidume.

-Tamén será requisito para o establecemento de accesos ás estradas estatais, a obtención previa da autorización do Ministerio de Fomento.

-O outorgamento da antedita autorización de acceso será requisito previo para a obtención da correspondente licenza municipal para realizar calquera tipo de edificación na parcela, agás no caso de que se dispoña dun acceso alternativo que non se realice a través da estrada estatal

-As obras e servizos de construción, reparación, conservación ou explotación do dominio público viario, incluíndo todas as actuacións necesarias para súa concepción e realización, non están sometidas, por constituír obras públicas de interese xeral, a os actos de control preventivo municipal a os que se refire o artigo 84.1 b) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, ni por conseguinte ao abono de ningún tipo de taxas por licencia de obras, actividades ou similares.

- En canto aos peches, naqueles ámbitos afectados pola Liña Límite de Edificación, soamente poderán autorizarse pechamentos totalmente diáfanos, sobre piquetes sen cemento de fábrica.

- Así mesmo, prohíbense as parcelacións de fincas que impliquen a apertura de novos accesos ás estradas estatais.

Ademais, e como requisito previo á obtención de licenza municipal de edificación, e salvo que se dispoña de acceso alternativo a través de viario de outra titularidade, establécese a necesidade de obter autorización de acceso, a cal será outorgada pola Dirección General de Carreteras del Ministerio de Fomento.

-Tamén, e como requisito previo á obtención de licencias municipais de edificación, obras menores, parcelación ou calquera tipo de actividade situada nas zonas de protección das estradas estatais, establécese a necesidade de obter as correspondentes autorizacións en materia de estradas estatais, que serán outorgadas pola dirección General de Carreteras del Ministerio de Fomento.

-Prohibirase a instalación de publicidade en calquera lugar visible dende a zona de dominio público da estrada, nos solos non urbanos.

-En canto ás limitacións de uso derivadas do ruído provocado polas estradas estatais, e segundo o establecido na normativa básica en materia de ruído ou na correspondente normativa autonómica de desenrolo, deberá atenderse ao seguinte:

“Para a execución de obras e instalacións no entorno das estradas estatais, establécese como requisito previo ao outorgamento da licenza municipal, a realización dos estudos necesarios para a determinación dos niveis sonoros esperables, así como para o establecemento das limitacións á edificabilidade ou da obrigabilidade de dispor dos medios de protección acústica necesarios, en caso de superarse os umbrais recomendados, segundo o establecido na normativa básica estatal en materia de ruído ou na correspondente normativa autonómica de desenrolo.

Os anteditos estudos deberán conter os correspondentes mapas de isófonas.

Os medios de protección acústica indicados serán executados con cargo aos promotores das actividades para as que se solicita licenza municipal, previa autorización do órgano competente para a emisión da correspondente autorización sectorial en materia de estradas estatais, podendo ocupar terreos de dominio público das mesmas”

RECUAMENTOS DAS EDIFICACIÓNS

A vías: As novas edificacións recuaranse, como mínimo 2 metros das aliñacións establecidas nos Planos de Ordenación. Exceptuaranse as novas edificacións que podan pegarse ás existentes, por aplicación do establecido no artigo 2.

A lindeiros: As novas edificacións recuaranse como mínimo 3 metros do lindeiro posterior e dos lindeiros laterais, salvo nos casos en que se dea o acaroamento conforme ao artigo 2, medidos dende o lindeiro ao plano vertical definido polo paramento ou fachada da nova edificación.

9. CONDICIÓN DE VOLUME

9.1 CONDICIÓN XERAIS:

Prohíbense os usos que polo seu tamaño, polas actividades ou por outras condicións non sexan propios do asentamento rural.

No ámbito deste núcleo rural non se permitirán actuacións integrais e os consecuentes procesos de parcelación ou segregación do parcelario orixinal que determinen a desfiguración da tipoloxía do núcleo.

-Ocupación máxima sobre parcela neta: 35 %

-Edificabilidade máxima sobre parcela neta: 0,70 m²/m².

-Aliñacións e rasantes. Fíxanse nos planos de ordenación. Será de 4 metros dende o eixo do vial perimetral que recolle todo o núcleo. Nos viarios de acceso a algunha das vivendas existentes, a aliñación será de 6 metros. Os pechamentos de parcela construíranse en xeral na aliñación e serán de fábrica e opacos, co revestimento apropiado ata unha altura máxima de 1,00 m, podendo rematarse con elementos diáfanos e vexetais hasta unha altura de 1,80 m.

9.2 ALTURA DE EDIFICACIÓN

A altura da edificación non excederá de planta baixa e planta alta, ni dun máximo de 7 metros, medidos no centro de todas as fachadas, dende a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente da cuberta, salvo que as características específicas da actividade, debidamente xustificadas, fixeran imprescindible superalos nalgún dos seus puntos.

9.3 CUBERTAS

Por riba da altura máxima soamente se autorizará o volume edificable resultante da disposición da cuberta inclinada.

Permítese o aproveitamento baixo cuberta, esixíndose que estes espazos estean inscritos no sólido capaz definido polos planos de pendente máxima de 30°, así como o cumprimento dos códigos de edificación e normas de habitabilidade ou actividade.

Os planos das fachadas serán continuos e sen acaneos. A altura máxima da cumieira será de 3,60 m.

Quedan prohibidas as mansardas ou bufardas.

Autorízanse sotos e semisotos, sempre que queden incluídos na altura máxima antes sinalada e que non sobresaian máis de 0,60 m respecto do nivel do terreo en contacto coa edificación.

10. CONDICIÓN DE INFRAESTRUTURA

10.1 ABASTECIMENTO DE AUGA

Poderá ser por captación individual, debendo cumprir as condicións regulamentarias de potabilidade.

10.2 SANEAMENTO

Poderá resolverse por medios individuais, de forma que se asegure a non contaminación do medio natural.

11.- ACCESIBILIDADE

Os proxectos de edificación e urbanización que se realicen ao amparo desta delimitación de núcleo rural deberán cumprir co lo establecido en:

-Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade de Galicia

-Documento Básico do Código Técnico da Edificación CTE-DB- SUA: Seguridade de utilización e accesibilidade.

-Real Decreto 173/2010, de 19 de febreiro, polo que se modifica o Código Técnico da Edificación, aprobado por o Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo, en materia de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade.

-Orde VIV/561/2010, de 1 de febreiro, pola que se desenrola o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados.

-REAL DECRETO 505/2007, de 20 de abril, polo que se aproban as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados e edificacións.

-DECRETO 74/2013, de 18 de abril, polo que se modifica o Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreras na Comunidade Autónoma de Galicia, para súa adaptación á Directiva 95/16/CE, do Parlamento Europeo e do Consejo, de 29 de xuño, sobre aproximación das lexislacións dos Estados membros relativas a ascensores.

-Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreras na Comunidade Autónoma de Galicia.

12.-PATRIMONIO CULTURAL

12.1.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

As condicións establecidas neste apartado serán de aplicación a todos os bens recollidos no catálogo de carácter arquitectónico ou etnográfico e súas parcelas, así como seus contornos de protección grafados no plano de ordenación.

12.2.- DETERMINACIÓN E ALCANCE DA PROTECCIÓN

Os tipos de protección dos bens catalogados comprenden:

- a) O elemento catalogado e a correspondente parcela na que se sitúa o elemento, se é o caso.
- b) O “contorno de protección” do elemento.

12.3.- MODELOS DE INTERVENCIÓN

As intervencións nos bens materiais protexidos polo seu valor cultural ou, no seu caso, no seu entorno de protección, conforme establece o artigo 40 da Lei de Protección do Patrimonio Cultural de Galicia (LPPCG), clasifícanse nalgúns dos seguintes tipos:

- a) Investigación: accións que teñan como obxectivo ampliar o coñecemento sobre o ben ou seu estado de conservación e que afecten directamente ao seu soporte material. Inclúe as accións e procedementos necesarios para elaborar un diagnóstico e caracterizar os materiais e os riscos que afectan ao ben.
- b) Valorización: medidas e accións sobre os bens culturais ou seu ámbito próximo que teñan por obxecto permitir súa apreciación, facilitar súa interpretación e acrecentar súa difusión, especialmente no ámbito educativo, e súa función social.
- c) Mantemento: actividades cotiás, continuas ou periódicas de escasa complexidade técnica sobre o soporte material dos bens ou seu ámbito próximo para que manteñan súas características, funcionalidade e lonxevidade, sen que se produza ningunha substitución ou introdución de novos elementos. Procedementos e actuacións de monitorización que teñan por obxecto realizar o seguimento e a medición das lesións, dos axentes de deterioro ou dos posibles factores de risco, e os dirixidos a implantar e desenrolar accións de conservación preventiva.
- d) Conservación: medidas e accións dirixidas a que os bens conserven súas características e seus elementos en adecuadas condicións, que non afecten á súa funcionalidade, á súas características formais ou ao seu soporte estrutural, polo que non suporán a substitución ou a alteración de seus principais elementos estruturais ou de deseño, pero si actuacións no seu ámbito, ao obxecto de evitar as causas principais de seu deterioro.
- e) Consolidación: accións e medidas dirixidas ao afianzamento, o reforzo ou a substitución de elementos danados ou perdidos para asegurar a estabilidade do ben, preferentemente co uso de materiais e elementos da mesma tipoloxía que os existentes, ou con alteracións menores e parciais dos seus elementos estruturais, respectando as características xerais do ben.
- f) Restauración: accións para restituír o ben ou súas partes ao seu debido estado, sempre que se dispoña da documentación suficiente para coñecelo ou interpretalo, con respecto aos seus valores culturais. A restauración pode implicar a eliminación de elementos estraños ou engadidos sen valor cultural ou a recuperación de elementos característicos do ben, conservando súa funcionalidade e estética.
- g) Rehabilitación: accións e medidas que teñan por obxecto permitir a recuperación dun uso orixinal perdido ou novo compatible cos valores orixinais dun ben ou dunha parte del, que poden supoñer intervencións puntuais sobre seus elementos característicos e, excepcionalmente e de maneira xustificada, a modificación ou a introdución de novos elementos imprescindibles para garantir unha adecuada adaptación a os requirimentos funcionais para súa posta en uso. Inclúense as accións destinadas á adaptación dos bens por razón de accesibilidade.
- h) Reestruturación: accións de renovación ou transformación en inmobles nos que non se poda garantir seu mantemento ou seu uso polas súas malas condicións de conservación ou por deficiencias estruturais e funcionais graves e que poden supoñer unha modificación de súa configuración espacial e a substitución de elementos da súa estrutura, acabado u outros determinantes de súa tipoloxía, cun alcance puntual, parcial ou xeral.
- i) Ampliación: accións destinadas a complementar en altura ou en planta bens inmobles existentes con criterios de integración compositiva e coherencia formal compatibles e respectuosos cos seus valores culturais preexistentes.
- j) Reconstrución: acción destinada a completar un estado previo dos bens arruinados utilizando partes orixinais destes cuxa autenticidade poda acreditarse. Por razóns xustificadas de recomposición, interpretación e correcta lectura do valor cultural ou da imaxe do ben, admitiranse reconstrucións parciais de carácter didáctico ou estrutural que afecten a elementos singulares perfectamente documentados.

12.4.- NIVEIS DE PROTECCIÓN

Segundo establece o artigo 41 da LPPCG, os bens integrantes do patrimonio arquitectónico e etnográfico, recollidos no catálogo e seu alcance da protección, derivada da relevancia do seu valor cultural e estado de conservación, clasifícanse nalgún dos seguintes niveis:

- a) Protección Integral: conservación íntegra dos bens e de todos os seus elementos e compoñentes nun estado o máis próximo posible ao orixinal dende a perspectiva de todos os valores culturais que conforman o interese do ben, respectando súa evolución, transformacións e contribucións a lo longo do tempo.

b)Protección Estrutural: conservación dos elementos máis significativos e relevantes dos bens, así como daqueles que resulten máis característicos tipoloxicamente ou que sexan obxecto dunha concreta apreciación cultural.

c)Protección Ambiental: conservación dos aspectos máis visibles e evidentes dos bens que, a pesar de non presentar un interese individual destacable, conforman o ambiente dun lugar de forma homoxénea e harmoniosa.

Á súa vez, nos bens inmobles poderán definirse nas súa delimitación diferentes niveis de protección nas súas parte integrantes, derivados do alcance do seu coñecemento ou de evidencias da presenza de restos ou estruturas.

Ademais, aos bens declarados de interese cultural, corresponderalle sempre unha protección integral, sen prexuízo dos diferentes niveis de protección que correspondan a algún dos elementos singulares que compoñen en conxunto un ben de carácter territorial.

Por último, os bens inmobles catalogados incluíranse nalgún dos niveis de protección descritos neste artigo, en función dos seus valores concretos, dato que figurará expresamente na orde de inclusión no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia ou no catálogo de planeamento urbanístico.

12.5.-ACTUACIÓNS AUTORIZABLES SEGUNDO OS NIVEIS DE PROTECCIÓN

As actuacións autorizables en cada nivel de protección, conforme a lo establecido no artigo 42 da LPPCG, serán as seguintes:

1.-Actuacións autorizables en bens con protección integral:

a)As de investigación, valorización, mantemento, conservación, consolidación e restauración.

b)As de rehabilitación poderán autorizarse sempre que o proxecto de intervención garanta a conservación dos valores culturais protexidos e que se trate de adaptacións necesarias para adecuar o uso orixinal aos condicionantes actuais de conservación, seguridade, accesibilidade, confortabilidade ou salubridade ou para adecuar o ben a un novo uso compatible con seus valores culturais que garanta súa conservación e o acceso público ao mesmo.

2.-Actuacións autorizables en bens con protección estrutural:

a)As de investigación, valorización, mantemento, conservación, restauración, consolidación e rehabilitación.

b) As de reestruturación puntual ou parcial poderán autorizarse si a través do proxecto de intervención se xustifica súa necesidade de forma específica e documentada e si se reducen a un alcance limitado sobre os elementos irrecuperables, que deberán ser substituídos por elementos análogos ou coherentes con os orixinais.

c) As ampliacións, en planta e en altura, dun ben inmueble no marco dunha actuación de rehabilitación, con carácter complementario a esta, sempre que resulten imprescindibles para desenrolar o uso proposto e que no seu deseño se conserven súa concepción e seu significado espacial.

d)As de reconstrución, de forma excepcional, cando se utilicen partes, elementos e materiais orixinais dos que se poda probar súa autenticidade e posición orixinal.

3.-Actuacións autorizables en bens con protección ambiental:

a)As de investigación, mantemento, conservación, consolidación, restauración, rehabilitación e reestruturación parcial ou total.

b) As de ampliación, sempre que non supoñan un deterioro ou destrución dos valores culturais que aconsellasen súa protección.

4.-En cada nivel de protección poderá ser autorizado excepcionalmente pola Consellería competente en materia de Patrimonio Cultural outro tipo de intervencións distinto ao establecido de forma xeral, nos casos en que se analicen de forma pormenorizada as características e condicións de conservación do ben e seu entorno de protección, os valores culturais protexidos e as melloras funcionais, sempre que o proxecto de intervención xustifique súa conveniencia en aras dun maior beneficio para o conxunto do Patrimonio Cultural de Galicia.

12.6.- CONDICIÓN DE USO

a) Nos edificios catalogados permítense, en xeral, os usos actuais.

b) Tamén se permitirán aqueles usos que supoñan a recuperación dos usos orixinais do edificio e para os que foron proxectados ou construídos, sempre que se xustifique adecuadamente esta circunstancia.

Os cambios de uso substanciais deberán ser autorizados pola Consellería competente en materia de Patrimonio Cultural.

12.7.- DELIMITACIÓN DOS CONTORNOS DE PROTECCIÓN

Para cada un dos bens catalogados, comprendidos no Patrimonio Arquitectónico e Etnográfico, establécese o correspondente “contorno de protección”, que se grafía no plano de ordenación, conforme establece o artigo 38,

da Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia.

12.8.- INTERVENCIÓN E CONDICIÓNS DAS ACTUACIÓNS NOS CONTORNOS DE PROTECCIÓN

Segundo establece o art. 39 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, as intervencións que se pretendan realizar nos bens catalogados, así como, no seu caso, no seu entorno de protección, terán que ser autorizadas pola Consellería competente en materia de patrimonio cultural, coas excepcións que se establecen en dita Lei.

A utilización dos bens catalogados quedará subordinada a que non se poñan en perigo os valores que aconsellan súa protección, por lo que os cambios de uso substanciais deberán ser autorizados pola Consellería competente en materia de Patrimonio Cultural.

Estas autorizacións teñen carácter independente de calquera outra autorización, licencia ou trámite previo á execución das intervencións. Exceptúanse os supostos en que a lexislación forestal integra no procedemento de outorgamento da correspondente autorización a tutela dos valores obxecto de protección pola presente Lei, a través dun informe preceptivo da Consellería competente en materia de Patrimonio Cultural, que establecerá, no seu caso, as condicións a que haberá de suxeitarse a actuación e substituirá as autorizacións previstas pola presente Lei.

A Consellería competente en materia de Patrimonio Cultural poderá ordenar a suspensión de calquera intervención non autorizada en un ben catalogado para o cumprimento dos fines previstos na Lei 5/2016.

Se entenderá denegada a autorización da intervención nos bens catalogados ou, no seu caso, en seus contornos de protección si a Consellería competente en materia de Patrimonio Cultural non resolve de forma expresa no prazo de tres meses.

12.9.- PROXECTO DE INTERVENCIÓN E MEMORIA FINAL DE EXECUCIÓN

Segundo establece o artigo 43, da LPPCG, as actuacións nos bens catalogados, que excedan das de mantemento, esixirán a elaboración do correspondente proxecto de intervención, que conterá seus datos de identificación, o estudo do ben e da súa documentación histórico-artística, a análise previa físico, químico ou biolóxico, segundo o caso, as fichas de diagnose do seu estado de conservación, a proposta e a metodoloxía de actuación, o análise crítico do valor cultural e da avaliación da proposta, as técnicas, produtos e materiais que se van a empregar, a documentación gráfica da actuación e o programa de mantemento e conservación preventiva.

Tras finalizar a intervención, elaborárase unha memoria final que documente adecuadamente todo o proceso levado a cabo en cada unha de súas fases e para todas as disciplinas aplicadas. Conterá, polo menos, unha descrición pormenorizada da intervención realizada, con especificación dos tratamentos e produtos empregados, así como a documentación gráfica de todo o proceso e o estudo comparativo do estado inicial e final.

O proxecto de intervención e a memoria final serán redactados por un ou unha profesional, ou por un equipo interdisciplinar, que contén con formación e cualificación suficiente en materia de investigación, conservación, restauración ou rehabilitación dos bens integrantes do patrimonio cultural en función das intervencións que se proxecten. Un exemplar da memoria final, incluído seu soporte dixital, será entregado á Dirección Xeral competente en materia de Patrimonio Cultural, da Xunta de Galicia, no prazo de seis meses dende a finalización da intervención.

13.- AUGAS

Terase en conta a a normativa sectorial vixente competente nas diferentes administracións públicas.

Deste xeito, será de aplicación a seguinte lexislación en materia de augas:

- Real Decreto Legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Augas.
- Regulamento do Dominio Público Hidráulico, aprobado por Real decreto 849/1986, do 11 de abril.
- Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia.
- Decreto 1/2015, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da planificación en materia de augas de Galicia e regúlanse determinadas cuestións no desenvolvemento da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia
- Real decreto 11/2016, do 08 de xaneiro, polo que se aproba o Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia Costa.
- Directiva 2007/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2007, relativa á avaliación e xestión dos riscos de inundación.
- Real Decreto 903/2010, do 9 de xullo, de avaliación e xestión de riscos de inundación.
- Real Decreto 19/2016, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Plan de Xestión do Risco da Inundación da Demarcación Hidrográfica de Galicia – Costa
- Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece

un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas.

14.- ENERXÍA E MINAS

En materia de enerxía e minas, terase en conta a seguinte lexislación:

-A Ley 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico e súa normativa de desenvolvemento, entre a que cabe destacar os seguintes puntos:

1. O artigo 2 da Lei do Sector Eléctrico, establece que “el suministro de energía eléctrica constituye un servicio de interés económico general.”

2. O artigo 4 da Lei do Sector Eléctrico, establece que a planificación eléctrica “será realizada por la Administración General del Estado, con la participación de las Comunidades Autónomas y Ciudades de Ceuta y Melilla” y que “únicamente tendrá carácter vinculante la planificación de la red de transporte con las características técnicas que en la misma se definen”, por tanto, las instalaciones de transporte únicamente pueden ser autorizadas con las características definidas en dicha planificación.

3. Se se produciran afeccións en instalacións eléctricas competencia da Administración Xeral do Estado, estas deberán estar suxeitas á normativa sectorial, en especial ao disposto nos artigos 5 da Ley 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico, 112 sobre coordinación con plans urbanísticos e 154 sobre variación do tendido da liña como consecuencia de proxectos ou plans aprobados pola Administración, do Real Decreto 1955/2000, de 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministro e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, que establecen que:

- La planificación de las instalaciones de transporte y distribución de energía eléctrica, que se ubiquen o discurran en cualquier clase y categoría de suelo, deberá tenerse en cuenta en el correspondiente instrumento de ordenación del territorio y urbanístico, el cual deberá precisar las posibles instalaciones y calificar adecuadamente los terrenos, estableciendo, en ambos casos, las reservas de suelo necesarias para la ubicación de las nuevas instalaciones y la protección de las existentes.

- Cuando existan razones justificadas de urgencia o excepcional interés para el suministro de energía eléctrica que aconsejen el establecimiento de instalaciones de transporte y distribución que precisen de un acto de intervención municipal previo, se estará a lo dispuesto en la disposición adicional décima del texto refundido de la Ley del Suelo, aprobado por el Real Decreto Legislativo 2/2008, de 20 de junio. El mismo procedimiento será aplicable en los casos en que existan instrumentos de ordenación territorial y urbanística ya aprobados definitivamente, en los que no se haya tenido en cuenta la planificación eléctrica conforme al apartado anterior.

- En todo caso, en lo relativo a las instalaciones de transporte cuya autorización sea competencia de la Administración General del Estado se estará a lo establecido en la disposición adicional duodécima de la Ley 13/2003, de 23 de mayo, reguladora del contrato de concesión de obras públicas.

- A todos los efectos, las infraestructuras propias de las actividades del suministro eléctrico, reconocidas de utilidad pública por la Ley del Sector Eléctrico, tendrán la condición de sistemas generales.

- En la elaboración por parte de las distintas Administraciones públicas de proyectos o planes que puedan variar el tendido de una línea ya existente, se dará audiencia a la entidad titular de la línea, con objeto de que formule las alegaciones pertinentes sobre los aspectos técnicos, económicos y de cualquier otro orden respecto a la variación que se proyecte.

- En el expediente a que se refiere el apartado anterior deberá emitir informe la Dirección General de Política Energética y Minas o el órgano autonómico que resulte competente.

- La Administración competente sobre el proyecto o plan del que derive la necesidad de variación de la línea, una vez que éste haya sido aprobado, abonará al titular de la línea el coste de la variante y los perjuicios ocasionados.

4. Respecto á repercusión económica das actuacións e normas sobre as instalacións do sistema eléctrico, o artigo 15 da Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico, sobre criterios de redes e criterios de funcionamento das instalacións de produción suxeitas a retribución regulada, establece que:

“1. El Gobierno establecerá los criterios generales de redes y los criterios de funcionamiento de las instalaciones de producción de energía eléctrica sujetas a retribución regulada. Las metodologías retributivas que se establezcan con cargo a los ingresos del sistema eléctrico tendrán únicamente en consideración los costes derivados de aplicación de dichos criterios. A estos efectos se tendrán en cuenta las mejores prácticas en las actividades de transporte, distribución y producción, los índices de calidad establecidos en la normativa estatal y los niveles de protección medio ambiental, derivados de la normativa estatal y europea. Los criterios previstos en este apartado serán los utilizados en la planificación de la red de transporte.

2. Las empresas titulares de activos de redes y de instalaciones de producción de energía eléctrica sujetas a retribución regulada a las que se apliquen, en alguna de sus áreas, normativas específicas sobre redes o instalaciones de producción que supongan unos mayores costes e la actividad que desempeñen, podrán establecer convenios u otros mecanismos con las Administraciones Públicas para cubrir el sobre coste ocasionado. En ningún caso el sobre coste causado por estas normas formará parte de la inversión o de los

costes de explotación reconocidos a estas empresas para el cálculo de la retribución, no pudiendo por tanto ser sufragado a través de los ingresos del sistema eléctrico.”

Así mismo, desde un punto de vista económico, cabe señalar que respecto ás inversións nas que se tivera que incurrir no proceso de urbanización, esta Dirección Xeral manifesta que deberá contemplar o establecido nas seguintes normas:

- El Real Decreto 1047/2013, de 27 de diciembre, por el que se establece la metodología para el cálculo de la retribución de la actividad de transporte de energía eléctrica.
- El Real Decreto 1048/2013, de 27 de diciembre, por el que se establece la metodología para el cálculo de la retribución de la actividad de distribución de energía eléctrica.
- Real Decreto 1955/2000, de 1 de diciembre, por el que se regulan las actividades de transporte, distribución, comercialización, suministro y procedimientos de autorización de instalaciones de energía eléctrica.
- Orden IET/2660/2015, de 11 de diciembre, por la que se aprueban las instalaciones tipo y los valores unitarios de referencia de inversión, de operación y mantenimiento por elemento de inmovilizado y los valores unitarios de retribución de otras tareas reguladas que se emplearán en el cálculo de la retribución de las empresas distribuidoras de energía eléctrica, se establecen definiciones de crecimiento vegetativo y aumento relevante de potencia y las compensaciones por uso y reserva de locales.

Concretamente, cabe señalar que o artigo 5 do Real Decreto 1047/2013, de 27 de decembro, establece como criterios xerais de retribución de redes de transporte os seguintes:

1. Las líneas de la red de transporte que discurran en suelo rural cuya autorización de explotación se haya obtenido en fecha posterior a la de entrada en vigor del presente real decreto serán retribuidas como líneas aéreas.

Asimismo, para que una línea de transporte sea retribuida como soterrada deberá discurrir por suelo urbanizado y haber sido recogida expresamente con dicha característica en el instrumento de planificación de la red de transporte que se encuentra en vigor.

Para la consideración de suelo urbanizado se estará a lo establecido en el texto refundido de la Ley del Suelo, aprobado por el Real Decreto legislativo 2/2008, de 20 de junio.

2. No obstante lo señalado en el apartado anterior, en los últimos 500 metros previos a una subestación blindada, las líneas de la red de transporte podrán construirse y retribuirse como soterradas, aunque figurasen como líneas aéreas en la planificación de la red de transporte.

3. Para que una subestación sea retribuida como blindada, ésta deberá estar contemplada con esa característica en la planificación de la red de transporte que se encuentre en vigor.

4. A los efectos del presente real decreto, se considerará que una línea está en servicio y por tanto podrá ser objeto de retribución cuando dicha instalación cuente con autorización de explotación para la totalidad del tramo que discurre entre dos interruptores.

5. En las subestaciones de la red de transporte se retribuirán las posiciones que se encuentren equipadas y como máximo un número de posiciones de reserva equivalente al de una calle de acuerdo con la configuración de la subestación.

6. En la retribución de las instalaciones de la red de transporte con cargo al sistema eléctrico considerarán exclusivamente la inversión o los costes de operación y mantenimiento reconocidos por la normativa básica estatal en los términos establecidos en este real decreto.

De acuerdo con el artículo 15 de la Ley 24/2013, de 26 de diciembre, las empresas a las que se aplique, en alguna de sus áreas normas específicas sobre redes, unos niveles de calidad superiores a los fijados por la normativa estatal o unos criterios de diseño de redes que supongan unos mayores costes en la actividad de transporte, podrán establecer convenios u otros mecanismos con las Administraciones Públicas para cubrir el sobrecoste ocasionado.

7. En el informe que deberá emitir la Dirección General de Política Energética y Minas a que se hace referencia en el artículo 35.2 de la Ley 24/2013, de 26 de diciembre, se deberán hacer constar los criterios generales que, de acuerdo al contenido del presente artículo, se emplearán para la retribución de la instalación.

Cabe así mismo destacar que o artigo 8 do Real Decreto 1048/2013, de 27 de decembro establece como criterios xerais de redes os seguintes:

1. Anulado.

2. No obstante lo señalado en el apartado anterior, las líneas de la red de distribución podrán construirse y retribuirse como soterradas en los últimos 500 metros previos a una subestación blindada aun cuando la línea discurriese por suelo rural.

3. A los efectos del presente real decreto, se considerará que una línea está en servicio y por tanto es objeto de retribución cuando dicha instalación cuente con autorización de explotación para la totalidad del tramo que

discurre entre dos elementos de corte.

4. En la retribución de las instalaciones de la red de distribución con cargo al sistema eléctrico se considerarán exclusivamente la inversión o los costes de operación y mantenimiento reconocidos por la normativa básica estatal en los términos establecidos en este real decreto.

De acuerdo al artículo 15 de la Ley 24/2013, de 26 de diciembre, las empresas a las que aplicarán, en alguna de sus áreas normas específicas sobre redes, unos niveles de calidad superiores a los fijados por la normativa estatal o unos criterios de diseño de redes que supongan unos mayores costes en la actividad de distribución, podrán establecer convenios u otros mecanismos con las Administraciones Públicas para cubrir el sobrecoste ocasionado.

5. Por outra banda, tal e como se puxo de manifesto anteriormente, é preciso destacar que a Lei 13/2003, de 23 de maio, reguladora do contrato de concesión de obras públicas, establece na súa disposición adicional duodécima que será de aplicación ás instalacións da rede de transporte de enerxía eléctrica reguladas na Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico, así como ás instalacións de transporte de gas natural, reguladas no artigo 59 da Lei 34/1998, de 7 de outubro, do Sector de Hidrocarburos, cuxas autorizacións sexan competencia da Administración Xeral do Estado, o disposto nas disposicións adicionais segunda e terceira desta Lei. Nestas disposicións sinálase que:

- Si los procedimientos de colaboración resultaran ineficaces, y cuando se justifique por la incidencia directa y significativa sobre la actividad económica general, el Estado, en el ejercicio de su competencia exclusiva sobre las bases y coordinación de la planificación general de la actividad económica, podrá coordinar los planes de obras públicas competencia de las comunidades autónomas con los planes de obras públicas de interés general.

- La Administración del Estado deberá colaborar con las Administraciones de las comunidades autónomas y las entidades locales a través de los mecanismos de coordinación y cooperación legalmente establecidos, a fin de articular la planificación y construcción de las obras públicas de interés general con los planes de ordenación territorial y urbanística.

- En defecto de acuerdo entre las Administraciones públicas, y sin perjuicio de lo previsto en la legislación medioambiental, los planes y proyectos de obras públicas de competencia del Estado prevalecerán sobre cualquier instrumento de planificación u ordenación territorial o urbanística en lo que se refiere a las competencias estatales exclusivas, en cuyo caso las comunidades autónomas y las corporaciones locales deberán incorporar necesariamente en sus respectivos instrumentos de ordenación las rectificaciones imprescindibles para acomodar sus determinaciones a aquéllos.

- En el supuesto de que tales obras vayan a construirse sobre terrenos no reservados por el planeamiento urbanístico, y siempre que no sea posible resolver las eventuales discrepancias mediante acuerdo, de conformidad con la normativa de aplicación, la decisión estatal respecto a la ejecución del proyecto prevalecerá sobre el planeamiento urbanístico, cuyo contenido deberá acomodarse a las determinaciones de aquélla.

- La construcción, modificación y ampliación de las obras públicas de interés general no estarán sometidas a licencia o a cualquier otro acto de control preventivo municipal, siempre que se siga lo previsto en el apartado 1 de esta disposición.

- No procederá la suspensión de la ejecución de las obras públicas de interés general por los órganos urbanísticos cuando éstas se realicen en cumplimiento de los planes y proyectos de obras aprobados por los órganos competentes por el procedimiento establecido o se trate de obras de emergencia.

6. No relativo á seguridade en liñas eléctricas de alta tensión, deberán estar dacordo ao disposto na lexislación sectorial que resulta de aplicación, e, en concreto a:

- Real Decreto 223/2008, de 15 de febrero por el que se aprueban el Reglamento sobre condiciones técnicas y garantías de seguridad en líneas eléctricas de alta tensión y sus Instrucciones Técnicas Complementarias ITC - LAT 01 a 09.

- Real Decreto 337/2014, de 9 de mayo, por el que se aprueban el Reglamento sobre condiciones técnicas y garantías de seguridad en instalaciones eléctricas de alta tensión y sus Instrucciones Técnicas Complementarias ITC - RAT 01 a 23.

7. A zona obxecto de estudo podería estar afectada por infraestruturas eléctricas de transporte ou distribución. Non existe neste Ministerio para a Transición Ecolóxica rexistro centralizado e xeorreferenciado de ditas infraestruturas, polo tanto, para obter as afeccións concretas deben consultar ás empresas que exercen as actividades de transporte e distribución na zona.

Por outra banda, unha vez estudada a documentación aportada, a Dirección Xeral manifesta que, polo termo municipal de Lourenzá discorre a seguinte infraestrutura gasista cuxa competencia corresponde á Administración Xeral do Estado: Gasoducto Llanera-Villalba, propiedade de ENAGAS TRANSPORTE S.A.U.

En consecuencia, tendo en conta a existencia de infraestruturas gasistas existentes no ámbito del referido plan, debería incluírse dentro do marco legal aplicable, a Lei 34/1998, de 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, así como súa normativa de desenvolvemento, entre a que cabe destacar que:

1. El artículo 2 de la Ley del sector de hidrocarburos, establece que las actividades destinadas al suministro de productos petrolíferos y de gas por canalización a los consumidores demandantes dentro del territorio nacional tendrán la consideración de actividades de interés económico general.

2. Si se produjeran afecciones en instalaciones gasistas o petrolíferas competencia de la Administración General del Estado, éstas deberán estar sujetas a la normativa sectorial sobre coordinación con planes urbanísticos y de infraestructuras viarias, en especial a lo dispuesto en los artículos 5 de la Ley 34/1998, de 7 de octubre, del sector de hidrocarburos, y 68 del Real Decreto 1434/2002, de 27 de diciembre, por el que se regulan las actividades de transporte, distribución, comercialización, suministro y procedimientos de autorización de instalaciones de gas natural:

- La planificación de las instalaciones de transporte y distribución de gas natural e instalaciones auxiliares cuando éstas se ubiquen o discurran en suelo no urbanizable, deberá tenerse en cuenta en el correspondiente instrumento de ordenación del territorio. Asimismo, y en la medida en que dichas instalaciones se ubiquen en cualquiera de las categorías de suelo calificado como urbano o urbanizable, dicha planificación deberá ser contemplada en el correspondiente instrumento de ordenación urbanística, precisando las posibles instalaciones, calificando adecuadamente los terrenos y estableciendo, en ambos casos, las reservas de suelo necesarias para la ubicación de las nuevas instalaciones y la protección de las existentes.

- En los casos en los que no se haya tenido en cuenta la planificación gasista en los instrumentos de ordenación descritos en el apartado anterior, o cuando las razones justificadas de urgencia o excepcional interés para el suministro de combustibles gaseosos aconsejen el establecimiento de instalaciones de transporte o distribución, y siempre que en virtud de lo establecido en otras leyes resultase preceptivo un instrumento de ordenación del territorio o urbanístico según la clase de suelo afectado, se estará a lo dispuesto en la Disposición adicional décima del texto refundido de la Ley del Suelo, aprobado por el Real Decreto legislativo 7/2015, de 30 de octubre, o texto autonómico que corresponda. A dichos efectos se considerará la instalación como de interés general.

É necesario destacar que, a Lei 13/2003, de 23 de maio, reguladora do contrato de concesión de obras públicas, establece na súa disposición adicional duodécima que será de aplicación ás instalacións da rede básica de transporte de gas natural reguladas no artigo 59 da Lei 34/1998, de 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, cuxas autorizacións sexan competencia da Administración Xeral do Estado, o disposto nas disposicións adicionais segunda e terceira de esta Lei.

Finalmente, en relación á Avaliación de Impacto Ambiental de proxectos competencia da Administración Xeral do Estado, cabe destacar que resulta de aplicación o disposto na Lei 21/2013, de 9 de decembro, de Avaliación Ambiental.

Lourenzá, 25 de xuño do 2021.- A Alcaldesa, Rocío López García.

R. 1958

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA

En cumprimento do artigo 169.3, por remisión do 177.2, do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ó non terse presentado alegacións durante o prazo de exposición ó público, quedou automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario de aprobación inicial do Concello, adoptado en data 31/05/2021, do expediente nº1/2021, de Modificación de Créditos financiado con cargo ó Remanente de Tesouraría do 2020, sendo do seguinte tenor:

“**PRIMEIRO.**- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 226/2021 do Orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de créditos, financiado con cargo ao remanente líquido de Tesouraría resultante da liquidación do exercicio anterior, como segue a continuación:

ORZAMENTO DE GASTOS

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Modificacións de crédito	Créditos finais
Programa	Económica				
450	619	Rexeneración Camiños Municipais	403.000,00	280.000,00	683.000,00
450	619	Reforma e Instalacións Nave Recinto Feiral	683.000,00	262.000,00	945.000,00

340	622	Obras Adicionais Campo Fútbol	50.500,00	50.000,00	100.500,00
TOTAL			1.136.500,00	592.000,00	1.728.500,00

Devanditos gastos fináncianse, de conformidade co artigo 177.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, así como o artigo 36.1 do Real Decreto 500/1990, con cargo a REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA para gastos xerais de acordo co seguinte detalle:

ESTADO DE INGRESOS

PARTIDA	Descrición	REMANENTE TESOURERÍA A 31/12/20	REMANENTE TESOURERÍA A UTILIZAR	REMANENTE TESOURERÍA SOBRANTE
870	REMANENTE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	1.630.821,71	592.000,00	1.038.821,71
	TOTAL INGRESOS	1.630.821,71	592.000,00	1.038.821,71

Ademais, queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Capítulo I do Título VIN da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, desenvolvido polo Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, que son os seguintes:

- a) O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralo a exercicios posteriores.
- b) A insuficiencia do saldo de crédito non comprometido na partida correspondente, que deberá verificarse no nivel en que este establecida a vinculación xurídica.”

Despois do devandito expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos do referido orzamento 2021 queda da seguinte forma:

ESTADO DE GASTOS 2021		
CAPITULO	DESCRIPCIÓN	EUROS
1	GASTOS DE PERSOAL	1.025.900,00
2	GASTOS DE BENS CORRENTES E SERVIZOS	605.700,00
3	GASTOS FINANCEIROS	3.000,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	256.200,00
6	INVESTIMENTOS REAIS	1.269.200,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
8	VARIACIÓN ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
9	VARIACIÓN PASIVOS FINANCEIROS	22.000,00
	TOTAL	3.182.000,00

Contra o presente Acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora de devandita Xurisdición. Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 113.3 da Lei 7/1985, a interposición de devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou Acordo impugnado

Lourenzá, 28 de xuño do 2021.- A ALCALDESA, Rocío López García.

R. 1959

LUGO

Anuncio

DECRETO Nº 5536/2021 DO 25/06/2021

Ilma. Sra. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tta. de Alcaldesa-Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

Visto que a Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 5 de decembro de 2018 adoptou o acordo 9/701 **APROBACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, PARA O ANO 2018**, e no su anexo, figura entre outras, a seguinte praza de persoal funcionario: 1 praza ENCARGADO/A (BRIGADA DE ZONA RURAL), Grupo C, subgrupo C2, escala administración especial.

Dito acordo foi publicado no BOP de Lugo número 39, do 15 de febreiro de 2019, e DOG número 73, do 15 de abril de 2019.

Visto que a Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 19 de maio de 2021 adoptou, entre outros, o acordo 7/296 **APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA ENCARGADO/A (BRIGADA DE ZONA RURAL) PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2018)**

Esta Concelleira, en base ás atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, **RESOLVE:**

Primeiro.- Convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de Encargado/a (Brigada de Zona Rural) do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda promoción interna (OEP 2018), que se rexerá polas BASES ESPECÍFICAS aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o 19 de maio de 2021, que seguidamente se transcriben:

1º.- **OBJECTO.-** É obxecto das presentes bases específicas a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionario de carreira, a unha praza de Encargado/a (Brigada de Zona Rural), do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en todo o que non estea previsto nas “BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS VACANTES PERTENCENTES Ó CADRO DE FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA”, aprobadas pola Xunta de Goberno Local o día 2 de xuño de 2010 e modificadas polo citado órgano o 22 de decembro de 2010, 15 de outubro de 2014 e 5 de decembro de 2018.

Ditas bases foron publicadas integramente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, nº 256, de data 7 de novembro de 2014 e 15 de febreiro de 2019.

2º.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

a) Denominación da praza: Encargado/a (Brigada de Zona Rural)

b) Grupo de titulación: C (Subgrupo C2)

c) Outras características:

- Escala: administración especial

- Subescala: servizos especiais

- Clase: persoal de oficios

3º.- **SISTEMA SELECTIVO.-** De conformidade co previsto nas bases xerais aprobadas por este Concello de Lugo, o sistema selectivo será o de concurso-oposición.

4º.- TITULACIÓN E OUTROS REQUISITOS ESIXIDOS PARA O ACCESO Á PRAZA:

a) Graduado escolar, FP 1º grao, graduado en ESO ou equivalente.

b) Ser empregado público do Concello de Lugo con praza en propiedade da Escala de Administración Especial, Subescala Servizos Especiais, Clase Persoal de Oficios, pertencente ó grupo inmediatamente inferior, e ter unha antigüidade mínima de dous anos no grupo dende o que se promociona.

5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN.

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ó modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo e os aspirantes manifestarán nelas, de xeito expreso, que reúnen todas e cada unha das condicións de admisión previstas nestas bases específicas e nas xerais aprobadas pola Xunta de

Goberno en sesións do 2 de xuño de 2010, 22 de decembro de 2010, 15 de outubro de 2014 e 5 de decembro de 2018 para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ó cadro de funcionarios do Concello de Lugo en quenda de promoción interna.

Os interesados e interesadas en participar nos correspondentes procesos selectivos deberán presentar instancia dirixida á Excm. Sra Alcaldesa no Rexistro Xeral do Concello de Lugo; así mesmo, poderán remitirse na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (coa excepción establecida na disposición final séptima da mesma).

O prazo de presentación de instancias será de vinte días hábiles contados dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

Así mesmo, na solicitude de admisión ó concurso-oposición deberán alega-los méritos que posúan de entre os especificados na base décimo terceira das bases xerais anteriormente citadas de acordo coa modificación aprobada pola Xunta de Goberno Local o 22 de decembro de 2010 e acompañar á dita solicitude os certificados e títulos ou diplomas acreditativos de tales méritos, sen que o tribunal poida valorar méritos diferentes dos alegados na solicitude ou insuficientemente acreditados, sen que proceda a concesión de prazos ós solicitantes para a corrección de tales deficiencias.

6º.- FASE DE CONCURSO. Consistirá na valoración dos méritos alegados e acreditados polos aspirantes no momento de presentación das instancias. Os méritos serán valorados de acordo co baremo que se establece na base décimo terceira das xerais aludidas na base anterior.

7º.- PROBAS SELECTIVAS.

As probas selectivas que deberán supera-los aspirantes á praza á que se refiren as presentes bases específicas son as seguintes:

- DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

PRIMEIRO EXERCICIO, teórico: consistirá en contestar un cuestionario de corenta (40) preguntas tipo test, máis tres (3) preguntas de reserva, correspondente ao conxunto do programa, con tres respostas alternativas propostas polo Tribunal, das cales só unha delas será correcta.

O tempo máximo para a realización do exercicio será de 60 minutos.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos.

Corresponderalle ao tribunal o número de respostas correctas esixido para acadar esta puntuación mínima, para o cal terá en conta que por cada tres (3) respostas incorrectas se descontará unha correcta.

SEGUNDO EXERCICIO, práctico: consistirá en realizar, durante un tempo máximo de 2 horas, un ou varios supostos ou probas prácticas que formulará o tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio e versará sobre algunha das cuestións e materias contidas no temario específico.

No anuncio de convocatoria deste exercicio, o tribunal determinará os medios materiais dos que deberán, ou poderán, ir provistos os aspirantes para a súa realización.

Os exercicios obrigatorios e eliminatorios cualificaranse de apto ou non apto, e deberá acadarse unha puntuación mínima de 5 para a súa superación. Os exercicios que obteñan a cualificación de apto serán puntuados de 5 a 10 puntos.

B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.

Na realización deste exercicio e na súa valoración estarase ó disposto na base décimo sétima letra C, das bases aprobadas pola Xunta de Goberno o 2 de xuño de 2010 modificadas polo citado órgano o 22 de decembro de 2010, 15 de outubro de 2014 e 5 de decembro de 2018 que rexerán nos procesos para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ó cadro de funcionarios e persoal laboral do Concello de Lugo en quenda de promoción interna.

A cualificación final de cada aspirante na fase de oposición, será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

A puntuación obtida na fase de oposición incrementarase coa correspondente á fase de concurso.

8º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS.

Tema 1.- Conceptos xerais de albanería: Materiais de construción.

Tema 2.- Conceptos xerais de albanería: Ferramentas: uso e mantemento.

Tema 3.- Conceptos xerais de albanería: Principais obras de albanería.

Tema 4.- Coñecemento e interpretación básicos dun proxecto de obras. Documentos que o compoñen.

Tema 5.- Trazado de aliñacións. Trazado de paralelas e perpendiculares. Interpretación de planos: escalas e cotas. Aparatos e ferramentas manuais de medida.

Tema 6.- Replanteos: cimentacións, estrutura, muros e cerramentos.

Tema 7.- Formigóns. Designación. Dosificación. Posta en obra. Encofrados e desencofrados.

Tema 8.- Solucións aos desniveis. Construción de ramplas. Cálculo de trazado.

Tema 9.- Conservación e mantemento de firmes: Materiais e equipos. Bacheos, regos e aglomerados.

Tema 10.- Xestión e tratamento de residuos na construción. Especial referencia á utilización dos materiais resultantes do reciclado de residuos na construción de viais e infraestruturas. Consideración dos materiais procedentes dos residuos de construción e demolición.

Tema 11.- Movementos de terras: explanacións, desmontes e recheos. Obras de paso, drenase e defensa nas pistas rurais.

Tema 12.- Abastecemento e saneamento: nocións xerais. Materiais das tubaxes e diámetros máis frecuentes. Arquetas e pozos de rexistro. Sumidoiros.

Tema 13.- Condicións xerais de seguridade dos lugares de traballo. Equipos de protección persoal. Sinalización de seguridade. Condicións xerais de seguridade na carga e transporte de materiais.

Tema 14.- Obrigacións do encargado de obras na Zona Rural.

Tema 15.- Organización do traballo e distribución das tarefas. Horarios e planificación.

Tema 16.- Coñecemento do termo municipal de Lugo. Parroquias e núcleos.

9º.- TRIBUNAIS CUALIFICADORES

De conformidade co establecido no artigo 60 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, a composición dos tribunais cualificadores será a seguinte:

Presidente: Un/ha funcionario/a do grupo A1, ou A2 no caso de que as prazas convocadas correspondan a esta categoría ou a unha inferior, nomeada/o pola Xunta de Goberno Local, entre persoal de calquera das administracións públicas (local, autonómica ou estatal).

Vogais:

- Tres técnicos ou especialistas de igual ou superior titulación á da praza convocada e da mesma área de coñecemento, nomeados pola Xunta de Goberno Local, entre persoal de calquera das administracións públicas (local, autonómica ou estatal).

Secretario/a: un funcionario/a do grupo A1 ou a A2, no caso de que as prazas convocadas correspondan a esta categoría ou a unha inferior, nomeado/a pola Xunta de Goberno Local, entre aqueles que presten servizos no Concello de Lugo e conten con formación no ámbito xurídico”.

A súa vez será aplicable a Instrución para o funcionamento e actuación dos órganos de selección do Excmo. Concello de Lugo aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada día nove de outubro de dous mil dezanove.

10º.- RECURSOS

Contra o presente acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998 de 13 xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado desta Orde de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación.

Igualmente poderá interpoñerse, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes contado dende o día seguinte á publicación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolvera expresamente, o prazo para interposición será de seis meses, contados dende que se produza o acto presunto.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.”

SEGUNDO.- Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que, contra o mesmo, pódense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003, de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 28 de xuño de 2021.- Tta. De Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 1960

Anuncio

DECRETO Nº 5539/2021 DO 25/06/2021

Ilma. Sra. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tta. de Alcaldesa-Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

Visto que a Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 5 de decembro de 2018 adoptou o acordo 9/701 **APROBACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, PARA O ANO 2018**, e no su anexo, figura entre outras, a seguinte praza de persoal funcionario: 1 praza XEFE/A PARQUE MÓBIL, Grupo C, subgrupo C1, escala administración especial

Dito acordo foi publicado no BOP de Lugo número 39, do 15 de febreiro de 2019, e DOG número 73, do 15 de abril de 2019.

Visto que a Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 12 de maio de 2021 adoptou, entre outros, o acordo 11/280 **APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA XEFE/A DO PARQUE MÓBIL PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2018)**

Esta Concelleira, en base ás atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, **RESOLVE:**

Primeiro.- Convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de Xefe/a do Parque Móbil, do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda promoción interna (OEP 2018), que se rexerá polas BASES ESPECÍFICAS aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o 12 de maio de 2021, que seguidamente se transcriben:

1º.- **OBJECTO.-** É obxecto das presentes bases específicas a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionario de carreira, a unha praza de Xefe/a do Parque Móbil, do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en todo o que non estea previsto nas "BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS VACANTES PERTENCENTES Ó CADRO DE FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA", aprobadas pola Xunta de Goberno Local o día 2 de xuño de 2010 e modificadas polo citado órgano o 22 de decembro de 2010, 15 de outubro de 2014 e 5 de decembro de 2018.

Ditas bases foron publicadas integramente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, nº 256, de data 7 de novembro de 2014 e 15 de febreiro de 2019.

2º.- **CARACTERÍSTICAS DA PRAZA**

a) Denominación da praza: Xefe/a do Parque Móbil

b) Grupo de titulación: C (Subgrupo C1)

c) Outras características:

- Escala: administración especial

- Subescala: servizos especiais

- Clase: persoal de oficios

3º.- **SISTEMA SELECTIVO.-** De conformidade co previsto nas bases xerais aprobadas por este Concello de Lugo, o sistema selectivo será o de concurso-oposición.

4º.- **TITULACIÓN E OUTROS REQUISITOS ESIXIDOS PARA O ACCESO Á PRAZA:**

a) Título de bacharel ou Técnico ou FP de 2º grao ou equivalente.

b) Ser empregado público do Concello de Lugo con praza en propiedade, pertencente á Escala de Administración Especial, Subescala Servizos Especiais, Persoal de Oficios ó grupo inmediatamente inferior, e ter unha antigüidade mínima de dous anos no grupo dende o que se promociona.

c) Posuír os carnés B e C1.

5º.- **SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN.**

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ó modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo e os aspirantes manifestarán nelas, de xeito expreso, que reúnen todas e cada

unha das condicións de admisión previstas nestas bases específicas e nas xerais aprobadas pola Xunta de Goberno en sesións do 2 de xuño de 2010, 22 de decembro de 2010, 15 de outubro de 2014 e 5 de decembro de 2018 para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ó cadro de funcionarios do Concello de Lugo en quenda de promoción interna.

Os interesados e interesadas en participar nos correspondentes procesos selectivos deberán presentar instancia dirixida á Excm. Sra Alcaldesa no Rexistro Xeral do Concello de Lugo; así mesmo, poderán remitirse na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (coa excepción establecida na disposición final séptima da mesma).

O prazo de presentación de instancias será de vinte días hábiles contados dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

Así mesmo, na solicitude de admisión ó concurso-oposición deberán alega-los méritos que posúan de entre os especificados na base décimo terceira das bases xerais anteriormente citadas de acordo coa modificación aprobada pola Xunta de Goberno Local o 22 de decembro de 2010 e acompañar á dita solicitude os certificados e títulos ou diplomas acreditativos de tales méritos, sen que o tribunal poida valorar méritos diferentes dos alegados na solicitude ou insuficientemente acreditados, sen que proceda a concesión de prazos ós solicitantes para a corrección de tales deficiencias.

6º.- FASE DE CONCURSO. Consistirá na valoración dos méritos alegados e acreditados polos aspirantes no momento de presentación das instancias. Os méritos serán valorados de acordo co baremo que se establece na base décimo terceira das xerais aludidas na base anterior.

7º.- PROBAS SELECTIVAS.

As probas selectivas que deberán supera-los aspirantes á praza á que se refiren as presentes bases específicas son as seguintes:

A) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

PRIMEIRO EXERCICIO, teórico: consistirá en contestar un cuestionario de corenta (40) preguntas tipo test, máis tres (3) preguntas de reserva, correspondente ao conxunto do programa, con tres respostas alternativas propostas polo Tribunal, das cales só unha delas será correcta.

O tempo máximo para a realización do exercicio será de 60 minutos.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos.

Corresponderalle ao tribunal o número de respostas correctas esixido para acadar esta puntuación mínima, para o cal terá en conta que por cada tres (3) respostas incorrectas se descontará unha correcta.

SEGUNDO EXERCICIO, práctico: consistirá en realizar, durante un tempo máximo de 2 horas, un ou varios supostos ou probas prácticas que formulará o tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio e versará sobre algunha das cuestións e materias contidas no temario específico.

No anuncio de convocatoria deste exercicio, o tribunal determinará os medios materiais dos que deberán, ou poderán, ir provistos os aspirantes para a súa realización.

Os exercicios obrigatorios e eliminatorios cualificaranse de apto ou non apto, e deberá acadarse unha puntuación mínima de 5 para a súa superación. Os exercicios que obteñan a cualificación de apto serán puntuados de 5 a 10 puntos.

B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.

Na realización deste exercicio e na súa valoración estarase ó disposto na base décimo sétima letra C, das bases aprobadas pola Xunta de Goberno o 2 de xuño de 2010 modificadas polo citado órgano o 22 de decembro de 2010, 15 de outubro de 2014 e 5 de decembro de 2018 que rexerán nos procesos para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ó cadro de funcionarios e persoal laboral do Concello de Lugo en quenda de promoción interna.

A cualificación final de cada aspirante na fase de oposición, será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

A puntuación obtida na fase de oposición incrementarase coa correspondente á fase de concurso.

8º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS.

Tema 1.- O condutor. Factores que diminúen as aptitudes do condutor.

Tema 2.- Permiso e licenzas de condución: clases e vehículos autorizados a conducir.

Tema 3.- O vehículo: definicións, documentación, a carga e persoas transportadas.

Tema 4.- O accidente de circulación: comportamento en caso de accidente. Delitos contra a seguridade do tráfico. Nocións básicas de primeiros auxilios.

Tema 5.- Funcionamento dun motor de catro tempos: admisión, compresión, explosión ou encendido e escape.

- Tema 6.- Clasificación dos motores: pola súa disposición, polo número de cilindros e polo tipo de combustible.
- Tema 7.- O engrase: aceites, a súa finalidade e tipos. Sistemas de engrase. Cambio de aceites, ventilación.
- Tema 8.- Filtrado. Refrixeración no vehículo: funcións, distintos tipos de refrixeración e o seu coñecemento
- Tema 9.- Elementos de seguridade: frenos, tipos e o seu coñecemento.
- Tema 10.- A suspensión: órganos de suspensión e amortiguamento do automóbil. Funcións dos amortiguadores.
- Tema 11.- A transmisión: caixa de cambios. Árbore de transmisión. Diferencial. Palieres.
- Tema 12.- Embrague, a súa misión. Avarías.
- Tema 13.- Electricidade do vehículo (I). Batería. Bobina. Ruptor. Distribuidor. Buxías. Regulación. Dinamo. Alternador. Motor de arranque. Béndix. O condensador. O delco.
- Tema 14.- Electricidade do vehículo (II). Simbología: corrente continua, corrente alterna, fusible, resistencia, condensador, amperímetro, voltímetro, motor xerador, interruptor.
- Tema 15.- Motor diesel: órganos principais. Bomba de inxección e inxectores: funcionamento. Bomba de alimentación. Arranque en frío, calentadores.
- Tema 16.- Neumáticos e llantas. Alineamento do eixe dianteiro. Converxencia e caída. O fenómeno "aquaplaning". Avarías. Reparacións de emerxencia.
- Tema 17.- Inspeccións técnicas de vehículos. Tipos e prazos.
- Tema 18.- Xestión medioambiental dos residuos dun taller de vehículos.
- Tema 19.- Maquinaria utilizada no taller mecánico: elevadores e tipos de maquinaria. Uso e coidado da maquinaria e ferramentas. Elementos de seguridade no uso da maquinaria e ferramentas, así como na carga e transporte de materiais.
- Tema 20.- Seguridade e saúde: conceptos xerais. Medidas de seguridade no manexo dos vehículos.
- Tema 21.- Elementos de seguridade activa.
- Tema 22.- A seguridade pasiva.
- Tema 23.- A vía: partes da vía. Utilización de carrís. Velocidade. Separación entre vehículos. Os perigos concretos da vía.
- Tema 24.- Manobras básicas de circulación. Incorporación á circulación. Desprazamentos laterais. Adelantamentos. Interseccións. Cambio de sentido. Marcha hacia atrás. Detención, parada e estacionamento.
- Tema 25.- Condución nocturna e en condicións metereolóxicas ou ambientais adversas.
- Tema 26.- As sinais de circulación: normas xerais. Sinais verticais, marcas viales, sinais de balizamento, semáforos, sinais e ordes dos axentes de circulación.
- Tema 27.- Funcións do chofer municipal.
- Tema 28.- Edificios públicos municipais, a súa ubicación.
- Tema 29.- Edificios públicos autonómicos ubicados na cidade de Lugo. A súa ubicación.
- Tema 30.- Edificios públicos estatais ubicados na cidade de Lugo. A súa ubicación.
- Tema 31.- Rueiro da cidade de Lugo.
- Tema 32.- A planificación, dirección e racionalización dos recursos humanos, técnicos e materiais.

9º.- RECURSOS

Contra o presente acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998 de 13 xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado desta Orde de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación.

Igualmente poderá interpoñerse, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes contado dende o día seguinte á publicación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer-se o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolvera expresamente, o prazo para interposición será de seis meses, contados dende que se produza o acto presunto.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente."

SEGUNDO.- Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que, contra o mesmo, pódense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003, de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 28 de xuño de 2021.- Tta. De Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 1961

MONTERROSO

Anuncio

O Pleno do Concello de Monterroso en sesión ordinaria celebrada o 06/05/21 acordou aprobar inicialmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación do servizo na escola infantil do Concello de Monterroso. O citado acordo foi exposto ao público polo prazo de 30 días hábiles mediante anuncio publicado no BOP de 14 de maio de 2021 sen que durante ese prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado co texto que se transcribe:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DO CONCELLO DE MONTERROSO

Exposición de motivos

Do artigo 19 da orde da Consellería de Traballo e Benestar de data 30 de decembro de 2010, derradeira das que anualmente se aproban con obxecto de regular as bases que rexerán o procedemento de concesión das axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 dependentes das Corporacións Locais resulta que, sen prexuízo da autonomía municipal, as corporacións locais que sexan beneficiarias destas axudas deben asumir a obriga de establecer como prezos máximo a aboar polos/as usuarios/as das Escolas infantís 0-3, as contías máximas reguladas no Decreto 70/2002, do 28 de Febreiro, ou norma que o substitúa. Con data 25 de xaneiro de 2012 publícase no DOGA nº17 o Decreto 49/2012, de 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes da Xunta de Galicia, que deroga expresamente o anterior Decreto 70/2002, do 28 de febreiro. Conforme o anterior, procede a aprobación da presente Ordenanza tendo en conta que ó longo da súa vixencia e polo anteriormente reflectido, sufrirá as vicisitudes do Decreto 49/2012, de 19 de xaneiro, sen prexuízo das potestades das Entidades Locais en orde á modificación e mesmo derogación das súas ordenanzas fiscais, e mesmo servirá como norma que complementa e axude á resolver ás dúbidas que presente a aplicación da presente Ordenanza.

Artigo 1º.- Fundamento e natureza

Ó abeiro do previsto no art. 41 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (Real Decreto Lex. 2/2004, de 5 de marzo) de conformidade co disposto nos art. 15 a 19 do devandito texto legal, o Concello de Monterroso procede á modificación do prezo público establecido pola presentación do servizo de Escola Infantil que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2º.- Feito imponible.

Constitúe o feito imponible do prezo público a estancia ou asistencia dos usuarios dos servizos da escola infantil deste Concello de Monterroso.

Artigo 3º.- Suxeitos pasivos.

Serán suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, que soliciten os servizos para as persoas beneficiarias dos mesmos. A tal efecto estarán obrigados ó pagamento das cantidades que se establecen os pais/nais dos nenos e nenas en situación de alta nos centro, e no seu defecto, os familiares ou titores legais a quen corresponda o exercicio da patria potestade.

Artigo 4º.- Pagamento.

1. O pagamento das cotas, sen prexuízo do establecido no artigo 6 deste decreto, realizarase mensualmente nos dez primeiros días naturais do mes a que correspondan. Nos casos en que o ingreso no centro se produza con posterioridade ao día primeiro do mes, a cota correspondente ao dito mes ingresarase nos dez días naturais seguintes á data de ingreso.

2. No caso de utilizar o servizo de comedor por días soltos, realizarase o pagamento deste servizo xunto coa cota do mes seguinte.

3. Salvo o disposto no artigo 6 deste decreto, a falta de asistencia da nena ou do neno ao centro non supón redución nin exención da cota mentres non se formalice a baixa correspondente

4. A falta de pagamento de dúas mensualidades consecutivas ou tres alternas, sen prexuízo da súa exixencia polo procedemento administrativo de constrinximento, orixinará a perda do dereito á praza.

Artigo 4.- Responsables.

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias tódalas persoas que sexan causantes dunha infracción tributaria ou que colabores na súa comisión.

2.- A responsabilidade esixirase, en todo caso, nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei xeral tributaria.

Artigo 5.- Regras e definicións para a determinación do importe que se vai pagar.

Para a determinación do importe mensual que van pagar as persoas obrigadas ao pagamento dos prezos públicos determinados no anexo desta ordenanza, teranse en conta as especificacións recollidas no dito anexo. Para os efectos da aplicación do anexo, a renda per cápita mensual da unidade familiar computarase segundo as seguintes regras:

a) Entenderase por unidade familiar a formada polos cónxuxes ou relación de análoga afectividade (parellas de feito, convivencia efectiva...) non separados legalmente e:

i. Os/as fillos/as menores, con excepción dos que, con consentimento dos/as pais/nais, vivan independentes destes/as.

ii. Os/as fillos/as maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

iii. Os/as fillos/as maiores de dezaioito anos discapacitados cun grao de discapacidade superior ao 33 por cento.

A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente no 31 de decembro do ano a que se refiran os datos económicos a que se refiren as seguintes regras.

b) Tomarase o importe dos ingresos totais da unidade familiar, que será o resultado da agregación das rendas do exercicio anterior a aquel en que dea comezo o curso escolar, no cal se pretenda que produza efectos, de cada un dos membros da unidade familiar, calculadas por agregación da base imponible xeral coa base imponible do aforro, calculadas segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.

O importe dos ingresos totais da unidade familiar será acreditado, mediante a presentación das copias certificadas pola Administración tributaria das declaracións do IRPF ou a certificación de ingresos das persoas que non presentasen as declaracións do IRPF.

A documentación anterior poderá ser substituída pola correspondente autorización á Administración con competencia en materia de escolas infantís 0-3 para obter os datos necesarios para determinar os ingresos totais para estes efectos a través das correspondente administracións tributarias.

c) O importe anterior dividirase polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. Entenderase por familia monoparental a unidade familiar a que se refire a letra a) cando formase parte dela un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa con que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.

d) A renda per cápita mensual será o resultado de dividir o importe anterior por doce.

Os datos fiscais aplicables serán o resultantes da derradeira declaración do IRPF presentada que ven a ser no primeiro semestre, a do exercicio anterior e no segundo, a do exercizo vixente, actualizándose deste xeito, semestralmente.

Artigo 6. Suspensión temporal da cota.

1. Os suxeitos obrigados a que fai referencia o artigo 2 non terán a obriga de aboar a cota correspondente á atención educativa e ao servizo de comedor durante os seguintes períodos:

a) O mes de vacacións anual da/o nena/o.

b) Cando por calquera motivo distinto ao período de vacacións anuais o centro permaneza pechado por un período superior a quince días naturais. En ambos os dous casos a suspensión realizarase de oficio.

2. Os suxeitos obrigados a que fai referencia o artigo 2 non terán a obriga de aboar a cota correspondente ao servizo de comedor no seguinte suposto:

a) Cando por causa debidamente xustificada a/o nena/o deixe de asistir temporalmente ao centro. Neste caso, a suspensión da cota terá lugar desde o primeiro día do mes natural seguinte á data de inasistencia ao centro e durará ata o día primeiro do mes natural en que teña lugar a reincorporación da/o nena/o ao centro. Non obstante, se a reincorporación se produce con posterioridade ao día 15 do mes, a cota do comedor correspondente ao dito mes reducirase nun 50 por cento. A solicitude de suspensión da cota correspondente a este servizo, xunto coa acreditación documental da circunstancia que a motiva, deberá presentarse ante a dirección do centro, e a alcaldía resolverá sobre a procedencia da exención. Nos casos de suspensión temporal da cota correspondente ao servizo de comedor, o pagamento correspondente ao mes de reincorporación realizarase no prazo dos dez días naturais seguintes á data de reincorporación.

Así mesmo, nos casos en que se acorde a non procedencia da suspensión solicitada, o suxeito obrigado deberá ingresar as cotas atrasadas no prazo dos dez días naturais seguintes á notificación da resolución denegatoria

Artigo 7.- Cota tributaria.

1.- Cando o alumno ou alumna teña solicitada e concedida unha praza en réxime de media xornada, o prezo da atención educativa reducirase no cincuenta por cento do prezo que lle corresponda aboar de acordo coa renda per cápita da unidade familiar.

O prezo de matriculación anual para cada alumno/a será de 20,22 €. A obriga de pagamento desta cota nace no momento de formalizar a matrícula.

-Rendas inferiores ao trinta por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servizo de comedor 0,00 €; sen servizo de comedor 0,00 €.

-Rendas comprendidas entre o 30 e inferiores ao 50 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servizo de comedor 17,45 € ;sen servizo de comedor 0,00 €.

-Rendas comprendidas entre o 50 e inferiores ao 75 por cento do IPREM. Prezo da praza: con servizo de comedor 52,36 €; sen servizo de comedor 34,91 €.

-Rendas comprendidas entre o 75 e inferiores ao 100 por cento do IPREM. Prezo da praza: con servizo de comedor 96,26 €; sen servizo de comedor 69,81 €.

-Rendas comprendidas entre o 100 e inferiores ao 125 por cento do IPREM. Prezo da praza: con servizo de comedor 149,15 €; sen servizo de comedor 112,13 €.

-Rendas comprendidas entre o 125 e inferiores ao 150 por cento do IPREM. Prezo da praza: con servizo de comedor 186,18 €; sen servizo de comedor 133,29 €.

-Rendas comprendidas entre o 150 e o 200 por cento do IPREM. Prezo da praza: con servizo de comedor 210,52 €; sen servizo de comedor 147,05 €.

-Rendas superiores ao 200 por cento do IPREM. Prezo da praza: con servizo de comedor 243,31 €; sen servizo de comedor 169,26 €.

No caso de nenos/as que non utilicen habitualmente o servizo de comedor e que excepcionalmente e por motivos xustificados desexen utilizalo algún día solto, o prezo será de 4,08 € por día. O prezo de comedor por días soltos non estará suxeito a ningunha redución.

O prezo da hora solta será de 3,06 €. A utilización deste servizo será excepcional e por motivos xustificados O prezo da hora solta non estará suxeito a ningunha redución.

Con carácter excepcional os/as usuarios/as poderán ampliar a súa xornada de atención educativa mediante a solicitude de horas extraordinarias, sempre que acrediten a súa necesidade. O prezo mensual de cada hora en que se incremente o horario da atención educativa adxudicado ao usuario ou usuaria será de 21,16 €. O prezo da hora extraordinaria non estará suxeito a ningunha redución.

Artigo 8.- Beneficios fiscais.

1.Exencións.

Estarán exentos do pago da cota tarifada aqueles contribuíntes con rendas inferiores ao trinta por cento do IPREM.

As familias acolledoras de menores con medidas administrativas de tutela ou garda gozarán, así mesmo, da exención total da cota.

2.Bonificacións.

-Nenos/as pertencentes a familias numerosas, desconto dun 20 por cen.

-Nenos/as pertencentes a familias monoparentais, desconto dun 20 por cen.

-Cando o neno ou nena para o que se solicita praza ocupa o segundo lugar ou sucesivo no número de orde dos fillos/as que compoñen a unidade familiar, bonificación do 100 por cen do prezo da atención educativa.

Entenderase por familia numerosa aquela que reúna as condicións que determina a Lei 40/2003, do 18 de

novembro, de protección ás familias numerosas.

Para a aplicación dos descontos teranse en conta as circunstancias concorrentes no momento de presentación da solicitude de praza na escola infantil 0-3, que deberán ser previamente xustificadas documentalmente de non coincidir coas circunstancias na data da devengación da declaración do IRPF.

Cando por circunstancias sobrevidas (solicitude fóra de prazo, traslado de residencia, etc.) o/a neno/a ingrese no centro con posterioridade ao día 15 do mes, a cota que corresponda pagar polo dito mes terá un desconto do 50 por cen.

Artigo 9. Actualizacións dos prezos públicos

Os prezos públicos se actualizaran cada curso escolar na mesma proporción que a variación interanual positiva experimentada polo índice de prezos ao consumo (IPC) para a Comunidade autónoma de Galicia no mes de xaneiro anterior ao do curso escolar en que se pretenda produza efectos.

Disposición derogatoria única. Queda derogada a ordenanza que foi aprobada por acordo do Pleno deste Concello en sesión celebrada o 06.06.2012, e modificada por acordos de 29.11.2018.

Disposición final

A ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de Escola Infantil Municipal entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, sendo de aplicación os prezos públicos establecidos nesta ordenanza desde o 1 de setembro de 2021, e continuará en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Segundo.- Dar ao expediente de modificación de ordenanzas fiscal a tramitación e publicidade preceptiva, mediante a exposición dos mesmos no taboleiro de anuncios do concello de Monterroso e no Boletín Oficial da Provincia no prazo de trinta días hábiles, dentro dos que os interesados poderán examinar os expedientes e plantexar as reclamacións que estimen oportunas. No suposto de que non se formularan reclamacións ao expediente no prazo indicado, o acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de facendas Locais.

Terceiro.- A modificación da ordenanza fiscais entrará en vigor e comezará a súa aplicación ao día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da provincia da aprobación definitiva da mesma así como do texto íntegro da modificación.

Monterroso, 28 de xuño de 2021.- A Alcaldesa, Rocío Seijas Vázquez.

R. 1962

Anuncio

Acordo do Pleno do Concello de 29 de xuño de 2021 polo que se aproba inicialmente o expediente de modificación de créditos nº 16/2021 do Orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito financiado con cargo ao remanente líquido de tesouraría:

“O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 29 de xuño de 2021, acordou a aprobación inicial do expediente de suplemento de crédito financiado con cargo ao remanente líquido de tesouraría.

Aprobado inicialmente o expediente de suplemento de crédito e crédito extraordinario financiado con cargo ao remanente líquido de tesouraría, por Acordo do Pleno de data 29 de xuño de 2021, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese a información pública polo prazo de quince días, a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio neste Boletín Oficial da Provincia.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [dirección <https://www.monterroso.es>].

Se transcorrido devandito prazo non se presentaron alegacións, considerarase aprobado definitivamente devandito Acordo.”

Monterroso, 30 de xuño de 2021.- A alcaldesa, Rocío Seijas Vázquez.

R. 1975

QUIROGA

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA REGULADORA DO CEMITERIO MUNICIPAL

Sendo aprobada inicialmente a Ordenanza Reguladora do Cemiterio Municipal por acordo adoptado na sesión plenaria ordinaria de data 7 de maio de 2021, e transcorrido o prazo de trinta días de exposición pública mediante anuncio publicado no BOP núm. 107, de data 13/05/2021, e no taboleiro de edictos do concello, sen que durante o devandito prazo se tivera formulado ningunha alegación, reclamación ou suxestión, elévase a definitiva a aprobación inicial e publícase integramente o texto da ordenanza en cumprimento do preceptuado no art. 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local

ORDENANZA REGULADORA DO CEMITERIO MUNICIPAL DE QUIROGA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A presente ordenanza vén regular o exercicio das competencias do Réxime Local definidas no art. 25.2. k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación co Cemiterio Municipal, de acordo co previsto no Regulamento de Policía Sanitaria e Mortuoria do 20 de xullo de 1974, do 20 de xullo, e que comprende a xestión e administración do mesmo.

Capítulo I.- DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.- Fundamento.

O Concello de Quiroga aproba a presente ordenanza ao amparo do art. 4.1 a) e art. 25.2. k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en relación co artigo 61 do Regulamento de Policía Sanitaria e Mortuoria do 20 de xullo de 1974, así como a normativa sectorial básica aplicable e o Decreto 151/2014, polo que se regula a policía sanitaria mortuoria en Galicia.

Artigo 2.-Xestión do servizo

O Concello de Quiroga xestionará directamente ou en xestión privada ou contratación mixta o servizo de cemiterio en cumprimento do establecido nos artigos 25 e 85 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local e os artigos 95 e seguintes do Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e tamén con suxeición ao Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, así como calquera outra norma que puidese serlle de aplicación, e en particular, o Decreto 2263/1974, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Policía Sanitaria Mortuoria e a lexislación autonómica aplicable nesta materia.

Artigo 3.- Obxecto.

O Cemiterio Municipal de Quiroga é un ben de dominio público afectado ao servizo público que está suxeito á autoridade municipal á que corresponde a súa administración, dirección e coidado, salvo naqueles que sexan competencia propia doutras autoridades e organismos ou a quen delegue.

Artigo 4.- Competencias.

Corresponde ao Concello:

1.- Iniciación, instrución e resolución dos expedientes relativos a:

a.- Concesión, recoñecemento e modificación de toda clase de dereitos funerarios, tales como: parcelas, panteóns, sepulturas, nichos e columbarios.

b.- Designación dos beneficiarios do dereito funerario.

c.- Tramitación e expedición dos títulos provisionais e definitivos referentes a dereitos funerarios, o seu troco, depósito e emisión de duplicados.

d.- Autorización para a inhumación, exhumación, traslado, depósito e redución de cadáveres e restos humanos e movemento de lápidas.

2. Servizos e traballos necesarios para o mantemento, organización, limpeza, conservación e acondicionamento do cemiterio.

3- A autorización a particulares para a realización nos cemiterios de calquera tipo de obras ou instalacións, así como a súa dirección e inspección.

4.- Cobrar os dereitos e taxas por prestación dos servizos funerarios do cemiterio, de conformidade coa ordenanza fiscal correspondente.

5.- O nomeamento do persoal necesario para a correcta prestación do servizo.

6.- O cumprimento das medidas sanitarias ou hixiénicas ditadas.

Artigo 5.- Instalacións abertas ao público.

Con carácter xeral, estarán abertos ao público para o seu libre acceso, todos os recintos do cemiterio ocupados por unidades de enterramento, e instalacións de uso xeral.

Para o acceso de público e prestación de servizos, procurarase a maior amplitude de horarios en beneficio dos cidadáns.

O cemiterio permanecerá aberto ao público no horario reflectido a continuación. En casos especiais, motivados por calquera acontecemento, bastará resolución de Alcaldía ou en quen delegue para a súa modificación, que non terá máis extensión que a do día a que se concrete.

Mañás:

- De luns a domingo de 9:00 a 13:00 h.

Tardes:

- De luns a sábado:
- Inverno (do 1 de outubro ao 30 de abril), de 15:00 a 18:00 h.
- Verán (do 1 de maio ao 30 de setembro), de 16:00 a 19:00 h.
- Domingos e festivos: Pechado

Con motivo da festividade de Todos os Santos:

- Os días 31 de outubro, 1 e 2 de novembro, estará aberto ininterrompidamente de 9:00 a 18:00 h.

Artigo 6.- Definicións.

- Cadáver: O corpo humano durante os cinco anos seguintes á morte real, que se contarán desde a data e hora que figure na inscrición de defunción no Rexistro Civil.
- Restos cadavéricos: O que queda do corpo humano, unha vez transcorridos os cinco anos seguintes á morte real.
- Restos humanos: Os de entidade suficiente procedentes de abortos, mutilacións e intervencións cirúrxicas.
- Putrefacción: Proceso de descomposición da materia orgánica debido á acción sobre o cadáver de microorganismos e fauna complementaria.
- Esqueletización: Proceso de redución a restos óseos, unha vez eliminada a materia orgánica, ata a súa total mineralización.
- Cremación ou incineración: Redución a cinzas dun cadáver, restos humanos ou cadavéricos, mediante a aplicación de calor no medio oxidante.
- Crematorio: Conxunto de instalacións destinadas á cremación ou incineración de cadáveres e restos humanos ou cadavéricos.
- Prácticas de Sanidade Mortuoria: Aquelas, como a refrixeración, a conxelación, a conservación temporal e o embalsamamento, que atrasan ou impiden a aparición da putrefacción no cadáver, así como as destinadas á reconstrución do mesmo.
- Prácticas de Adecuación Estética: Aplicación de métodos cosméticos para mellorar o aspecto externo do cadáver.
- Sepultura: Unidade de enterramento baixo a rasante do terreo, con capacidade para albergar dous féretros.
- Nicho: Unidade de enterramento construída en edificacións para o efecto sobre a rasante do terreo. Poderán albergar tanto cadáveres como restos ou urnas funerarias.
- Columbario/Cinceiros: Unidade de enterramento construída en edificacións para o efecto sobre a rasante do terreo destinado a recibir urnas incinerarias ou restos cadavéricos previa redución.
- Panteón: Construción efectuada por particulares, con suxeición a proxecto de obra autorizado polo Concello sobre a rasante do terreo, pode albergar un féretro, a condición de que estea perfectamente selaxe e impermeabilizado.
- Tanatorio: Establecemento funerario cos servizos adecuados para a permanencia e exposición do cadáver ata a celebración do enterro e, no seu caso, para a realización de prácticas de sanidade mortuoria.
- Féretro común, féretro especial, féretro de cremación, féretro de recollida, caixa de restos e urna para cinzas: Os que reúnan as condicións fixadas para cada un deles na normativa aplicable.
- Unidade de enterramento: Habitáculo ou lugar debidamente acondicionado para a inhumación de cadáveres, restos ou cinzas.
- Bóveda/capela: Unidade de enterramento con varios espazos destinados a aloxar máis dun cadáver, restos ou cinzas.

- Parcela: Espazo de terreo debidamente acoutado, e no cal pode construírse unha unidade de enterramento e monumento funerario de estrutura similar a tumba ou bóveda (panteón), cos ornamentos e características previstas nas normas de edificación aplicables.
